



VI – ONDE BUSCAMOS A INFORMACIÓN? técnicas e dinámicas para conseguir fontes de información.

Outra das fases fundamentais da posta en práctica dun proxecto de traballo é a de planificar e organizar o uso de diferentes fontes de información por parte do alumnado, tanto coa finalidade explícita de atopar a resposta ás preguntas plantexadas, como á finalidade educativa (que estableceremos como docentes) en relación ó traballo coas diferentes Competencias Básicas, especialmente as relacionadas coa competencia para o “tratamento da información”.

O obxectivo deste momento do proxecto é a de que o alumnado sexa consciente das diferentes fontes de información que se atopan á nosa disposición, adquirindo distintas estratexias que permitan que os nosos alumnos e alumnas sexan competentes á hora de traballar con diferentes fontes de información.

Outro dos obxectivos que debemos ter presentes, cando planifiquemos o traballo dos nosos alumnos/as coas diferentes fontes de información, será que debe desenvolver nos mesmos un espírito crítico como resultado de contrastar e empregar diferentes fontes de información.

Non deberemos limitarnos, nin limitar ó alumnado, unicamente ás fontes de información convencionais, senón que deberemos incluír o emprego de diferentes fontes alternativas como as familias, compañeiros de maior idade, blogs, redes sociais, correspondencia con outros compañeiros de outros centros...

Resulta interesante crear, no noso recanto da investigación na aula, unha zona na que gardar tódalas fontes de información que se vaian conseguindo. Este recanto tamén debería ter a súa existencia no ámbito virtual (web, blog) na que organizar ligazóns, vídeos, etc.

Será o propio alumnado, a través das diferentes técnicas e dinámicas que empreguemos, quenes deban establecer unha organización interna desta información creando listados, índices, códigos organizativos, etc... de xeito que poida ser consultada a información de forma doada e organizada, á vez que aportemos ó alumnado diferentes estraexias para o desenvolvemento de hábitos de orde e organización.

No caso de proxectos comúns de centro, nos cales se comparta temática entre os diferentes cursos, é moi interesante a creación dun recanto no centro no que compartir a información entre as diferentes aulas e intercambiala segundo a temática a traballar. Deste xeito nese recanto central cada unha das aulas que traballan sobre un tema, poden facer partícipes ó resto de compañeiros/as das súas necesidades de información, creando unha canle bidireccional neste sentido.

Tamén pode empregarse este tipo de recanto organizativo dentro da propia aula onde cada equipo se encargue dunha parte da investigación, e plantexa as súas necesidades de información ó resto dos equipos.

De forma complementaria poderíamos crear un buzón por aula no os restantes alumnos, poidan que deixar as aportacións de información para cada grupo.

1.- Como traballar coa información:

Deberemos ter presente que o alumnado, a través da planificación que fagamos das tarefas, actividades e recurso para o noso proxecto, deberá desenvolver os seguintes aspectos:

- Discriminación da información válida no proxecto, daquela que non é útil neste caso.
- Organizar e clasificar a información: creación de índices, inventarios, álbumes, ficheiros,



códigos para organizar a información...

- Empregar e incluso crear diferentes soportes: mapas, gráficos, liñas do tempo, maquetas.....
- As fontes de información deben ser propostas polos propios alumnos/as, sen esquecer o noso papel como docentes de modelo.
- Será interesante plasmar no nos dossier da información (e incluso no mural da investigación) os distintos tipos de fontes que empregaremos.

2.- Técnicas e dinámicas para recopilar fontes de información:

Podemos empregar moitas técnicas e dinámicas para conseguir recopilar na nosa aula as diferentes fontes de información, entre elas:

- Escritura de cartas a expertos: Por equipos ou en gran grupo escribir cartas a "expertos" sobre o tema a investigar.

- Escritura de e-mails a organismos: de xeito análogo a anterior o alumnado poderá redactar e-mails (desde a conta de correo da nosa aula) á entidades que poidan aportar información sobre o tema. Do mesmo xeito podería ser interesante que eles mesmos plantexen que se concerten charlas con expertos.

- Escritura de notas: especialmente en cursos inferiores e infantil, permite a escritura individual o por grupos de notas solicitando información ás familias sobre o tema a investigar.

- Publicación de demanda de información na web do centro e en redes sociais adaptadas a centros escolares: podemos empregar os medios dixitais para solicitar información por parte do alumnado, incluso empregando as redes sociais dun xeito diferente.

- Elaboración de carteis ou expositores: nos corredores do centro o alumnado pode crear carteis demandando información e informando ó centro da súa investigación en activo. En caso de temáticas comúns pode organizarse a creación dun "recanto común" da investigación na que plasmar as temática nas que está a investiga cada aula e solicitar información, deste xeito establecemos unha canle de intercambio de información.

- Uso de buzóns da información: podemos crear en cada aula un buzón/caixa na que os restantes compañeiros/as e comunidade escolar poida deixar as súas aportacións de información.

- Creación de murais en branco: nos cales o resto do centro irá escribindo as súas aportacións de información sobre o tema en cuestión, deste xeito estaremos a elaborar unha enorme "tormenta de ideas" de todo o centro da cal poderemos obter información moi valiosa para a nosa investigación.

- Empregar a biblioteca de aula/centro/pública: tanto para ir a buscar información sobre o tema como para demandar ós responsables orientación sobre como conseguila.

- Empregar os diferentes medios de comunicación tanto escritos como online: xornais, webs, videos, películas, radio, programas de TV... empregándoos dun xeito diferente ó que están acostumados os alumnos e que permiten fomentar, por contraste entre as diferentes informacións, o espírito crítico entre o alumnado.

- As experiencias propias poden ser unha valiosa fonte de información: as viaxes realizadas e experiencias vividas polo propio alumnado pode ser empregado, e así debe ser considerado polos



compañeiros e compañeiras, como unha fonte de información.

- “Ponencias de outros compañeiros/as”: pode pedirse (por parte do alumnado) a compañeiros de outros cursos que preparen unha “exposición” onde lles conten o que saben sobre un tema

- As familias “expertas”: segundo os temas podemos aproveitar os recursos que ofrecen as propias familias como fontes de información: explicando a súa profesión, organizando visitas ás mesmas (hortos, traballos, etc).

- Visitas e saídas culturais: poden organizarse visitas á museos, exposicións ou similares que supoñan fontes de información, neste caso sería interesante unha preparación previa por parte do alumnado na planificación da mesma así como da elaboración dun guión das preguntas ás que esperan dar resposta coa visita. Do mesmo xeito poden levarse preparadas preguntas concretas, que por exemplo aínda queden pendentes na investigación e obviamente, á volta da mesma, ten que levarse a cabo unha sesión de valoración da información, decidir como se incorpora ó mural e ó produto final socialmente relevante que teñamos planificado como grupo.

Licenza creative commons: cc-by-sa



(acorde ó indicado na resolución do 11 de xuño de 2013 pola que se convocan os P.F.P.P.)